

NOTA DE PRENSA

A Xunta e o Ministerio de Industria financiarán a substitución de repetidores do sinal de televisión en Boiro

Boiro, martes día 03 de febreiro de 2009. O Tenente de Alcalde do Concello de Boiro, Juan Jesús Ares González, mantivo onte luns unha xuntanza co Director Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Manuel José Fernández Iglesias, co obxectivo de trasladarlle os problemas de recepción do sinal de televisión que existen nalgunhas zonas do municipio, como Bermó, Vilariño, Teaño, Comoxo (zonas de sombra do val do río Coroño) e que impide aos veciños destes lugares ver correctamente algúns canais.

Neste encontro, ambos analizaron estas zonas de “sombra” existentes en Boiro, que provocan una deficiente recepción do sinal, conseguindo o compromiso do Director Xeral de que os repetidores serán substituídos por outros equipos adaptados á Televisión Dixital Terrestre. Estes novos repetidores estarán financiados ao 50% entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, e de acordo co exposto por Manuel José Fernández Iglesias, poderían comezar a cambiarse en setembro ou outubro deste ano. As obras serán executadas pola empresa Retegal e o mantemento das instalacións correrá a cargo da Xunta.

O Tenente de Alcalde mostrouse satisfeito pola vindeira solución a este problema, e pediu aos veciños que teñan paciencia ata que estas obras se leven a cabo.

Por outra banda, tamén explicou que nos casos de difícil arranxo, nos que incluso con novos repetidores o sinal non chegue de correctamente, a solución pasa pola cobertura vía satélite, opción que require uns gastos a maiores que, dependendo da renda de cada familia, poderían ser subvencionados.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro